



A Fin de que os/as veciños/as saiban que infraestruturas se verán afectadas polas obras dos vindeiros meses pasamos a relacionalas. Estas obras poderán provocar cortes intermitentes nas vías pero coidamos serán de proveito para todos os/as veciños/as para mellorar o transito e a seguridade das mesmas.

O **Sábado 19 de abril** o Rexistro do Concello estará pechado. **Desculpen as molestias!**

## **Programa: Plan de Obras e Servizos (POS) 2014**

- Canalización de Pluviais en Marco (Sendelle).
- Reparación do Camiño do Marco á Cabrita (Sendelle).
- " " " de Franzomil ao Pazo (Sendelle).
- " " " de Bertomil a Nogaredo (Brates).

**Orzamento total do Proxecto: 79.318,18 €**

## **Programa: Deputación Todos os Concellos (DTC) 2014**

### **Actuacións Propostas, pendente de aprobación plenaria.**

- Reparación do Camiño do Marco á Cela (Sendelle).
- " " " da Cela á Estrada da Mota(Sendelle).
- " " " de Abuis a Pontebrates (Brates).
- " " " de Abuis á Igrexa (Brates).
- " " " de Bertomil ao Castro (Cardeiro).
- " " " de Aquelavila á Cabana (Buazo).
- " dun tramo do Camiño de Canto do Balo a Ponte Boado (Arceo).
- Reparación do Camiño de Bouzas (Andabao).
- " " " da Agra de Orros (Andabao).
- " dun tramo do Camiño de Areas ó Souto (Andabao).
- " dun tramo do Camiño da Igrexa a Angueiro (Anxeles).
- Reparación do Camiño de Corneda a Quiñoi(Rodieiros).
- " " " de Rivadizo a Baltar (Boimorto).
- " " " en Viladóniga (Boimorto).

**Orzamento total do Proxecto: 136.640,35 €**

## **Programa: Convenio coa Deputación.**

- Repararanse as prazas no Frontal do Centro de Saúde, no entorno da Casa Consistorial e no entorno do albergue (Boimorto - Boimil).
- Adquisición de Colectores de Lixo.

**Orzamento total do Proxecto: 105.000,01 €**

## **Programa: PDR Galicia 2013-2014**

- Reparación do Camiño de Peizás á DP 1004 (Arceo).
- " " " de Canto do Balo a Mezonzo (Arceo).
- " " " da Arentía ao Vilar (Andabao).
- " " " da Peroxa ao Monte de Boimil (Boimil).

- " " " da Sobreira (Boimorto).
- " " " da Gandara á Abeleira (Boimorto).
- " " " de Seria (Dormeá).
- " " " dos Condes (Corneda).
- " " " de Aldrá ás Casas do Monte(Rodieiros).

**Orzamento total do Proxecto: 55.030,34 €**

---

## **Cooperativa de Vivendas**

---

**Reunión informativa:** creación da Cooperativa de vivendas a prezo de custe no Concello de Boimorto.

O venres 25 de abril, ás 9 da noite, na Casa da Cultura de Boimorto teremos unha reunión informativa con todas aquelas persoas interesadas na compra dunha vivenda a un prezo mínimo, trataremos temas como:

- Requisitos para ser socio da cooperativa.
- Trámites e papel que desempeña o Concello.
- Ubicación do edificio.
- Custe final da construción.
- Distribución das vivendas.
- Funcionamento da cooperativa.
- Dereitos e deberes dos socios.
- Aportacións e entregas económicas.

## **Charla “Roubos no Rural”**

---

O Grupo ROCA da garda civil, encargados de investigar os roubos en núcleos rurais organiza o vindeiro 28 de abril ás 12 da mañá unha charla informativa na Casa da Cultura sobre os ROUBOS NO RURAL e de como evitalos e previlos. É importante acudir porque o grupo dará moi bos consellos aos nosos/as veciños/as.

## **Aforro enerxético**

---

Solicitud de subvención ao Instituto Enerxético de Galicia xunto cos concellos de Curtis, Vilasantar e Sobrado dos Monxes; sendo Curtis promotor, para obras e equipamentos conforme ao anteprojecto “ Mellora de eficiencia enerxética en alumeados públicos nos concellos de Curtis, Vilasantar e Sobrado” cun orzamento total de 239.967,97 euros, ao abeiro da Resolución do 23/12/2013 ( DOG nº 18 do 28/01/2014).

## **Servizos Sociais**

---

Con motivo de ter os datos actualizados nos expedientes dos usuarios do servizo de axuda no fogar de calquera das dúas modalidades, fagan chegar a Servizos Sociais unha copia do DNI de todos os convivintes no domicilio, agás aquelas persoas que teñan concedido o servizo a través de Dependencia que soamente terán que traer o do/a usuario/a.

## **Obradoiro de Emprego**

---

Solicitud dun obradoiro de emprego “ Terras da Montaña I” á Consellería de Traballo e Benestar xunto cos concellos de Vilasantar ( promotor), Sobrado, Curtis e Toques ao abeiro da Orde do 23/12/2013 ( DOG nº 6 do 10/01/2014), solicitando unha subvención

por importe total de 663.394,50 euros ( importe total do proxecto 710.062,62 euros) coas seguintes especialidades, con 15 alumnos en cada especialidade e duración de 6 meses:

- Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes
- Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais
- Pavimentos e albañilería de urbanizacións
- Instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes
- Colocación de pedra natural.

## **Axuda Persoal Técnico de Información, orientación e prospección de emprego.**

---

Solicitud de subvención á Consellería de Traballo e Benestar, xunto cos concellos de Arzúa e Santiso, sendo Boimorto promotor, para a contratación de persoal técnico para realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego ao abeiro da Orde do 20/12/2013 ( DOG nº 249 do 31/12/2013). Importe de axuda solicitada 20.000 euros que corresponden aos custos de contratación totais máis seguridade social a cargo da empresa referidos, a un período de 12 meses.

## **Cultura**

---

**\*Excursión á Ruta do Mexillón:** O Sábado 10 de maio iremos de excursión ás Rías Baixas. Saíremos de Boimorto ás 9:00 da mañá.

Ás 12 horas faremos un cruceiro pola Ría de Arousa con panorámicas submarinas a través do fondo do cristal do catamarán. Inclúe, ademais, unha parada nun parque de cultivo, nunha batea, e unha degustación a bordo de mexillóns ó vapor, camarón e viño, auga ou refrescos. O percorrido será guiado.

Ás 14 horas iremos xantar a un restaurante no Grove e pasaremos ata as 17 horas. Despois visitaremos a Illa da Toxa e regresaremos á Boimorto sobre as 19:30 horas.

O prezo por persoa é de 30€ e inclúe o transporte, o paseo en barca coa degustación e a comida.

Deberedes anotarvos antes do 5 de maio para confirmar as reservas ben no concello ou no centro de maiores. No momento de anotarse deberase efectuar o pago. A excursión é para todas as idades.

**\*Teatro en Boimorto:** O domingo 27 de abril contaremos cunha actividade de dinamización lingüística. O concello de Boimorto en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística ofrécenos a obra de teatro "As fabas máxicas" de Caramuxo Teatro. Unha bonita obra infantil, recomendable para todos os públicos. A obra representarase na Casa da Cultura ás 17:30 horas.

## **Deportes**

---

**\*TORNEO INTERCOMARCAL DE BÁDMINTON:** o Sábado 26 de abril o Concello de Boimorto albergará, no polideportivo municipal, a fase intercomarcál de badminton, que dá acceso á clasificación para a fase provincial. Neste, os alumnos e alumnas das Escolas Deportivas Municipais do noso Concello, así como dos demais equipos que conforman a liga escolar, disfrutarán dunha divertida xornada deportiva, intentando acadar bos resultados para a participación na seguinte fase.

## **\*RUTA DE SENDEIRISMO "DESCUBRE GALICIA" - SENDA VERDE DE CARNOTA.**

**Sábado 17 de maio de 9.30 a 19:00- 10 €** (inclúe desprazamento en bus)

**Ruta:** Esta ruta permite facer deporte á vez que gozar da riqueza cultural, patrimonial e medioambiental de Carnota. A ruta ten 15 km e tardaremos 4 horas en percorrela. Chegaremos ás 11:00 da mañá a Carnota e faremos unha visita cultural pola zona. Ás 12:00 h comezaremos a ruta e comeremos no camiño. Ás 17:30 está previsto rematar a ruta e regresar .

**Inscripcións:** ata o 12 de maio na Casa Do Concello. Mínimo 20 asistentes.

**Recomendacións:** levar roupa e calzado cómodo, así como, bocadillo para o xantar e tentenpé (bebida e comida) para algún momento da ruta.

**\*SAÍDAS Ó BALNEARIO BRIÓN:** Xornadas adicadas á saúde, onde poder beneficiarse das múltiples cualidades que as augas termais medicinais ofrecen, disfrutar do Club Termal, saunas, sala de inhalacións, sala de relaxación... **Destinatarios:** Maiores de 18 anos empadroadas no municipio de Boimorto. **Horario:** Os seguintes Mércores do mes de **Maio: 7, 14, 21, 28** , saída ás 15:30 do Centro de Maiores. **Prezo: 7 euros** por sesión. Prazas limitadas!! Anotarse na Casa do Concello ou no Centro de Maiores. 981516020 ou 981516520. **Recomendacións:**levar bañador e gorro de piscina, o balneario facilita toallas e zapatillas.

**\*FESTA FIN DE ACTIVIDADES INFANTÍS:** As **escolas deportivas** do Concello de Boimorto celebran o **Venres 30 de maio**, a festa de fin de curso 2013-2014. Será no pavillón polideportivo municipal a partir das **16.30 horas**. A festa ofrecerá **merenda e diplomas** acreditativos ós participantes. Haberá **demostracións** do aprendido durante o curso. Tanto nenos/as como familiares (pais, avós, tíos, curmáns, amigos...) poderán **achegarse** a disfrutar: vendo, xogando e aprendendo das distintas modalidades deportivas levadas a cabo durante o ano. Achegádevos!!

Esta fin de curso non supón o remate de actividades, pois estase xa a traballar na programación de verán con propostas variadas e adaptadas á estación!!

**\*A LIGA DE DEPORTE ESCOLAR 2013-2014** chegou ó seu fin para os cativos e cativas da Escola Deportiva de Fútbol Sala do noso concello, obtendo os seguintes resultados nas diversas categorías: 4º posto para o Alevín Mixto, 3º posto Infantil e 2º posto Cadete Femenino. Agora mesmo están a disputar os encontros da Liga Intermunicipal que dá remate en Xuño.

## **Magreco 2014**

---

**\*Desde o Concello de Boimorto** queremos manifestar a nosa máis sincera gratitude a todos/as aqueles/as que axudaron para poder facer un ano máis Magreco. Expositores de maquinaria, artesáns, ecolóxicos, outro tipo de expositores, colaboradores, Africor e todos os que fixeron posible que en Boimorto o 29 e 30 de marzo houbera unha feira única e destas características. Este ano faremos especial mención a esa poxa de xovencas que foi a novidade e que creou moita espectacularidade en todo o público asistente á feira.

Consideramos que foi un éxito xa que todo discorreu sen ningún problema e a asistencia de público superou á de anos anteriores, isto fainos supoñer que estamos a consolidar unha feira de temática rural no interior de Galicia.

Tamén queremos agradecer, como non, a vosa asistencia á feira e, desde aquí, queremos xa citarvos para o vindeiro Magreco 2015.